

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10633 *Real decreto lei 11/2015, do 2 de outubro, para regular as comisións pola retirada de efectivo nos caixeiros automáticos.*

I

O adecuado funcionamento dos servizos de pagamento é esencial para o desenvolvemento fluído das transaccións comerciais e financeiras.

Neste sentido, o réxime xurídico dos sistemas de pagamento ten por obxecto establecer dereitos e obrigacións para prestadores e usuarios de servizos de pagamento, co fin de que os ditos servizos sexan prestados en condicións de competencia, transparencia e confianza entre as partes.

A Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, enumera estes servizos no seu artigo 1.2, dos cales un deles é: «os servizos que permiten a retirada de efectivo dunha conta de pagamento e todas as operacións necesarias para a xestión da propia conta de pagamento». Precisamente, unha modalidade de prestación deste servizo é a retirada de efectivo na rede de caixeiros automáticos. Mediante esta rede, as entidades de crédito poñen á disposición dos seus clientes unha canle a través da que prestan diversos servizos bancarios, dos cales o máis habitual é a retirada de efectivo. De feito, a retirada de efectivo representa o 74 por cento do total de operacións realizadas con caixeiros.

O sistema bancario español caracterízase pola gran capilaridade da súa rede de caixeiros en España. Segundo datos de xuño de 2015, hai 50.479 caixeiros, o que supón 1,09 caixeiros por cada mil habitantes, cifra moi superior á doutros países da nosa contorna.

Nos últimos meses veuse producindo un cambio no sistema habitual de cobramento de comisións pola retirada de efectivo en caixeiros automáticos, motivado por decisións de política comercial dalgúns entidades. En efecto, os clientes que anteriormente debían aboar unha comisión á entidade emisora da súa tarxeta agora deben aboar, nalgúns ocasións, ademais da dita comisión outra adicional á entidade propietaria do caixeiro.

A necesidade de manter a confianza e a súa influencia no desenvolvemento do tráfico comercial, nun contexto de recuperación económica onde o consumo interno se configura como un dos puntais desta recuperación, exige abordar con carácter de urxencia unha regulación do modelo de cobramento de comisións pola retirada de efectivo que traslade aos cidadáns certeza, garanta o principio de seguridade xurídica e complete e aclare a regulación vixente de protección ao cliente de entidades de crédito.

II

Mediante a modificación da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, acometida mediante este real decreto lei, establécese un novo modelo de cobramento de comisións para a retirada de efectivo de caixeiros automáticos que, en todo caso, evitará o cobramento dunha dobre comisión ao cidadán, o que reduce, en definitiva, o custo para o usuario deste servizo.

Este modelo aplícase exclusivamente a comisións por retirada de efectivo en si mesma considerada, a crédito e débito, e non afecta outras comisións vinculadas aos servizos de crédito.

Con esta nova regulación a entidade propietaria do caixeiro non lle poderá exixir ningunha comisión ao usuario do servizo nin repercutirle gastos, pero si lle poderá exixir á entidade emisora da tarxeta. As entidades poderán chegar a acordos para fixar o importe desta comisión. En ausencia de acordos, as entidades propietarias dos caixeiros automáticos determinarán de maneira non discriminatoria entre entidades que comisión

costrarán por defecto ás entidades emisoras das tarxetas. Ademais, nos supostos de retirada de efectivo a débito, as entidades emisoras da tarxeta unicamente poderán repercutir no seu cliente, total ou parcialmente, a comisión satisfeita á entidade propietaria do caixeiro, co que se limita o importe que se pode repercutir no usuario do servizo.

Este réxime xurídico complementábase con determinadas medidas dirixidas a reforzar a transparencia e información ao usuario, e a vixilancia e o control da aplicación da nova regulación. En particular, as entidades deberán informar o Banco de España das comisións que se cobrarán entre entidades de crédito pola retirada de efectivo e informarán, igualmente, o usuario do servizo no momento da retirada de efectivo da comisión que lle podería ser repercutida.

O novo modelo entra en vigor o día seguinte ao da publicación deste real decreto lei no «Boletín Oficial del Estado», aínda que se establece un prazo mínimo para que as entidades poidan adaptar os seus sistemas de pagamento ás modificacións introducidas por esta norma.

III

A parte final deste real decreto lei consta dunha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

A disposición adicional única encomenda á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a elaboración dun informe anual sobre os acordos e decisións adoptadas en materia de comisións.

A disposición transitoria única regula o réxime de adaptación das entidades de crédito.

Na disposición derogatoria única ordénase a derogación de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Por último, as disposicións primeira a terceira regulan, respectivamente, os títulos competenciais en virtude dos cales se adopta o real decreto lei, a habilitación ao Banco de España para o desenvolvemento da disposición adicional segunda da Lei 16/2009, do 13 de novembro, e a súa entrada en vigor.

IV

No contexto sinalado no número II desta exposición de motivos resulta de capital importancia garantir sen dilación a reforma do modelo de comisións da retirada en efectivo a través de caixeiros automáticos.

En efecto, nos últimos meses o modelo tradicional que viña funcionando a través de acordos multilaterais no seo de redes de caixeiros viuse alterado. Fronte ao modelo anterior, en que o cliente pagaba ao emisor unha comisión por retirada de efectivo, agora, nalgúns casos, debe retribuír o dono do caixeiro e a súa entidade emisora. Isto supón, en definitiva, un incremento das comisións soportadas polos clientes bancarios por este concepto que nalgún caso é superior ao 100 por cento. Ben que o cliente ten a opción de escoller entre aqueles caixeiros que non cobren comisión e, por tanto, minorar ou eliminar o impacto, de se consagrar este novo modelo, esta opción será cada vez máis difícil de exercer. Isto repercutirá máis significativamente nos clientes que operan en localidades pequenas con menor número de caixeiros, nos de entidades cun ámbito de actuación limitado a unha rexión ou nos da banca pola internet. O impacto desta cuestión é especialmente relevante tendo en conta que se realizan case 18.000 retiradas de efectivo por caixeiro nun ano.

Por todo isto, nas medidas que se adoptan no presente real decreto lei concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a esta figura normativa.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Economía e Competitividade e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento.*

A disposición adicional de Lei 16/2009, do 13 de novembro, pasa a configurarse como disposición adicional primeira e engádesse unha disposición adicional segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Retirada de efectivo en caixeiros automáticos.*

1. En caso de retirada de efectivo con tarxeta ou outros instrumentos de pagamento, a entidade titular dun caixeiro automático non lles poderá exixir ningunha cantidade aos clientes de entidades distintas autorizadas en España ou de sucursais de entidades de crédito estranxeiras que operen en España, sen prexuízo da comisión que lle poida exixir á entidade emisora da tarxeta ou instrumento de pagamento.

2. Antes de que o titular da tarxeta ou instrumento de pagamento proceda á retirada de efectivo a débito e co fin de obter o seu consentimento expreso, a entidade titular do caixeiro deberá informalo da comisión que pola dita retirada se vaia cobrar á entidade emisora da tarxeta ou instrumento de pagamento, así como da posibilidade de que esa comisión lle sexa repercutida por esta última total ou parcialmente.

No caso de retirada de efectivo a crédito, a información anterior deberá incluír, así mesmo, o importe máximo adicional que lle poderá aplicar a entidade emisora de acordo co disposto no número 5.

3. O consentimento do titular da tarxeta ou instrumento de pagamento obrigará a entidade emisora ao pagamento da comisión exixida polo titular do caixeiro, sempre que o primeiro dispoña de saldo suficiente para atender a retirada de efectivo e a cantidade que a entidade emisora lle poida repercutir de acordo co número 5.

4. A comisión que satisfará a entidade emisora á entidade titular do caixeiro poderá ser obxecto de acordo entre ambas.

Na falta de acordo, a comisión que determine o titular do caixeiro respecto á entidade emisora da tarxeta será a mesma en todo o territorio nacional e non será discriminatoria, sen que poidan derivar diferenzas para prestacións equivalentes; así mesmo, a comisión non poderá distinguir en función dos clientes da entidade emisora e só se poderá revisar anualmente.

Os acordos e decisións que se adopten ao abeiro deste número deberán, en todo caso, ser acordos coa normativa de defensa da competencia.

5. Pola retirada de efectivo a débito en caixeiros automáticos doutras entidades, a entidade emisora da tarxeta ou instrumento de pagamento non poderá repercutir no seu cliente cantidade superior á comisión cobrada pola entidade titular do caixeiro á propia entidade emisora, nin aplicarlle ningunha cantidade adicional por calquera outro concepto. Dentro do límite anterior, a cantidade que se repercutirá será a que libremente se fixe no contrato entre a entidade emisora e o seu cliente.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación nas retiradas de efectivo a crédito, nas cales a entidade emisora da tarxeta ou instrumento de pagamento poderá aplicar ao cliente un importe adicional por este concepto. En todo caso, o dito importe non poderá ser superior ao que aplique ao cliente pola retirada de efectivo a crédito nos seus caixeiros.

6. As entidades titulares dos caixeiros ou emisoras das tarxetas ou instrumentos de pagamento deberán informar o Banco de España das comisións pola retirada de efectivo a que se refire o número 4. A información anterior subministrárase na forma e co contido e periodicidade que determine o Banco de España.

7. Terán consideración de normas de ordenación e disciplina as disposicións anteriores. O seu incumprimento será considerado infracción grave, salvo que teña carácter ocasional ou illado, caso en que será sancionado como infracción leve, todo isto de acordo co previsto na Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.»

Disposición adicional única. *Informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sobre os acordos en materia de comisións.*

Anualmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá un informe ao Ministerio de Economía e Competitividade sobre os acordos ou decisións das entidades de crédito para a determinación e aplicación da comisión pola retirada de efectivo con tarxeta ou outros instrumentos de pagamento a que se refire a disposición adicional segunda da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, na redacción dada por este real decreto lei. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá solicitar canta información considere pertinente para o cumprimento deste mandato.

O primeiro informe remitirase ao Ministerio de Economía e Competitividade antes da conclusión do primeiro semestre de 2016.

Disposición transitoria única. *Réxime de adaptación das entidades de crédito.*

As entidades de crédito deberanse adaptar ás previsións contidas nos números 2 a 4 da disposición adicional segunda da Lei 16/2009, do 13 de novembro, antes do 1 de xaneiro de 2016. Non obstante, as comisións derivadas dos acordos adoptados polas entidades conforme o número 4 serán comunicadas ao Banco de España, de acordo co previsto no número 6 da citada disposición e na disposición derradeira segunda deste real decreto lei.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución, que atribúen ao Estado as competencias sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito e da banca, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habilítase o Banco de España para desenvolver o previsto no número 6 da disposición adicional segunda da Lei 16/2009, do 13 de novembro, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY